

1. O mundo grego.

a. En que zonas xeográficas se desenvolveu a civilización grega?

En que continentes estaba presente?


A que países corresponde na actualidade estes territorios?

b. Que é a Hélade?

Como era o espacio físico? Axudaba a súa unidade ou a súa fragmentación?

c. Fai unha liña do tempo que representa as distintas etapas da historia da Grecia antiga.

3000 a.C.-1400 a.C.	Época Escura.	Minoicos
1400 a.C.-1150 a.C.	Civilización minoica	Atenas e Esparta
1150 a.C.-800 a.C.	Época Arcaica.	Dorios
800 a.C.-490 a.C.	Civilización Micénica.	Macedonia
490 a.C.-334 a.C.	A Grecia Helenística.	Aqueos
334 a.C.-30 a.C.	Época Clásica.	Magna Grecia (Colonización)



2. Colonización.

a. Indica tres metrópoles situadas en Europa, e dúas situadas en Asia.

Indica dúas colonias situadas en Europa, outra en Asia e unha última en África.

b. Completa o cadro cas seguintes definicións

A colonización grega	
Definicións	Colonizacións:
	Metrópoles:
	Colonias:

3. As polis

a. Explica que eran as polis.

b. Como eran?

4. Sistemas e institucións políticas na Grecia clásica.

a. Une con frechas:

Asemblea con plenos poderes. Votaba as leis, a guerra,...

Helie

Cidadáns elixidos pola Asemblea: 10 Estrategos, 9 Arcontes,...

Maxistrados

Cinco maxistrados con grandes poderes

. *Apella*

Os tribunais populares impartían xustiza (6000 xuíces)

Bulé

Consello de anciáns de 28 membros e dous reis

Ecclesía

Consello de 500 cidadáns para controlar os maxistrados

Xerusia

Asamblea sen apenas poder

Éforos

b. Emparella as institucións atenienses ca que se lle pareza en Esparta.

Cal é unha polis máis democrática? Por que?

5. Democracia en Grecia, unha verdadeira democracia?

a. Observa o cadro, analiza os datos e busca a información necesaria para responder as seguintes cuestións.

Poboación de Atenas (432 a.C.)	
Cidadáns	35000
Familia de cidadáns (mulleres e nenos)	75000
Metecos e familia	25000
Escravos	85000
Poboación Total	220000

- Que sistema político tiña Atenas no ano 432 a.C. (s. V)?
- Quen gozaban de dereitos políticos?
- Quen grupos carecían deles?
- Que porcentaxe de poboación gozaba de dereitos políticos respecto da poboación total?
- E que porcentaxe carecía deses dereitos?

b. Fai un pequeno esquema no que se representen os diferentes grupos sociais que había en Grecia. Explica brevemente as súas características.

6. Completa.

O esplendor de Atenas. A vitoria sobre os persas.

No século _____, os persas (chamados, tamén, _____) lánzanse á conquista das polis de Grecia, comenzando as chamadas guerras _____.

Os exércitos atenienses inflixíronlles importantes derrotas como _____ e Salamina (derrota definitiva e retirada).

Atenas domina Grecia

A vitoria outorgoulle a Atenas _____ sobre o resto de cidades gregas, as cales formaron a Liga de _____, asociación dirixida por Atenas.

A fin da hexemonía ateniense

O dominio ateniense prolongouse ata as guerras _____, nas que Atenas se enfrontou a outras cidades que crearan a Liga do _____, liderada por _____.

Esta guerra marca a fin da etapa de _____ das polis.

7. Época helenística.

O reino de _____

O rei _____, aproveitando o enfrontamento entre as cidades gregas botouse cun potente exército (falánxes) á conquista de Grecia.

O seu fillo _____, sucedeuno no 336 a.C.

O Imperio

Conseguiu unificar o conxunto de cidades gregas para conducilas á conquista do Imperio _____.

Entre o 334 e 323 a.C., ó fronte do seu exército de 40.000 homes chegou o val do río _____.

Desexaba crear un imperio, pero respectando as _____ e _____ de cada territorio.

A súa morte o Imperio dividiuse en catro _____ (_____, _____, _____, _____).

1. Período e localización.

a. Que período de tempo abrangue a historia de Roma? (indica as datas de fundación e caída).

b. Que territorio actual é o berce da civilización romana?

Que tres pobos estaban nese territorio cando Roma irrompe na historia?

c. Observa o plano e le o texto sobre a localización de Roma.

Non é sen motivo polo que os deuses e os homes escolleron esta localización para fundar Roma: outeiros con clima saudable, un río por onde descenden os produtos de interior do país e accesible ao comercio marítimo; en resumo, unha situación única no centro de Italia.

Tito Livio: Historia de Roma, século I a.C.



Onde se sitúa?

Que río a travesa?

Como se chaman os sete outeiros da cidade?

Queda preto do mar? Ten iso importancia?

2. Formas de goberno e institucións políticas.

a. Que tipo de goberno tivo Roma tras ser fundada?

Foron todos monarcas latinos? Explica.

Que pobo dominou Roma antes do despegue definitivo desta?

b. Cambio de réxime político en Roma.

• No _____ a.C., unha revolta acabou co último monarca etrusco, Roma converteuse nunha _____ (rex pública – de interese público).

• No século I a.C. comeza un período de _____ e _____. Nesta situación o exercito aumenta o seu poder, e algúns militares e homes poderosos enfrontáronse en varias _____.

• Un destes militares, chamado _____ toma o poder e é declarado _____ no 47 a.C.

• Tras a súa morte, o seu sobriño _____ venceu aos seus rivais e converteuse no home máis poderoso de Roma. No ano _____ a.C. Recibe amplos poderes e outórgaselle o título de _____.

3. Sociedade romana.

a. Quen eran os Patricios? E os plebeos?


Como vivían as mulleres en época romana?

b. Indica os logros dos plebeos na súa loita por obter os mesmos dereitos cos patricios. Cando conseguen a igualdade dos dereitos políticos os habitantes da cidade de Roma?

c. Na época imperial equiparouse xuridicamente a todos os habitantes libres do Imperio. Quen o fixo? Cando? Que fixo para elo?

4. Institucións de goberno

a. Completa o esquema das institucións da república.



b. Que sucede cas institucións en época imperial?

c. Que poderes ou cargos vai a acumular o emperador nesta etapa?

5. A expansión polo Mediterráneo.

a. Completa.

Durante a _____, Roma conquistou moitos territorios. Nas conquistas distínguense tres etapas:

- Primeiro, entre os anos _____ a. C., Roma derrotou a todos os pobos que vivían na _____.
- Despois, venceu os _____, comandados por _____, nas chamadas guerras _____. Esta vitoria permitiulle a Roma expandirse polo _____ (séculos III e II a.C.).
- Por último (séculos II e I a.C.), conquistaron _____ e continuaron estendéndose por Europa: o centro e norte da península ibérica, Galia, Britania... O Imperio romano foi dividido en _____ baixo a autoridade dun _____.

6. Contesta e completa. Pax Romana e Crise.

a. Que é a *pax romana*? En que séculos ten lugar?

A partir do _____ cesaron as conquistas e o Imperio tivo que enfrontarse a unha serie de problemas:

- _____:
 - As fronteiras volvéronse inseguras polos ataques dos pobos _____ que vivían alén do limes.
- _____:
 - A autoridade _____ debilitouse e foron frecuentes os _____. O _____ converteuse na única autoridade para garantir a orde nas provincias.
- _____:
 - A falta de _____, ao acabárense as conquistas, provocou un descenso da produción agrícola e mineira.
 - Os ataques bárbaros cortaron as _____. O comercio e a artesanía estancáronse, a poboación empobreceuse e aumentou o descontento social.

7. Urbanismo

a. Sinala no plano o cardo, o decumano e o foro, o teatro e o anfiteatro.

Que eran o cardo e o decumano?

E o foro?



8. Economía: agricultura e comercio no Imperio Romano.

a. O igual que en Grecia, a agricultura baseouse na triloxía mediterránea. Que cultivos a forman?

b. Indica os principais factores que favoreceron o comercio no Imperio.


c. Cales eran os principais minerais que se explotaban no imperio?

9. Sucesión ou simultaneidade. Comparación cronolóxica de Grecia e Roma.

a. Fai unha liña do tempo delimitando os grandes períodos da historia de Grecia e Roma.

Pon na parte superior os datos de Grecia, e na inferior os de Roma.

800 a.C.-	A Grecia Romana	753 a.C.	División do Imperio
500 a.C.	Época Helenística.	509 a.C	Imperio
350 a.C	División do Imperio	27 a.C.	Monarquía
148 a.C.	Época Arcaica	330 d.C.	Caída do Imp. romano occidental
330 d.C.	Época Clásica	476 d.C.	República



b. Podemos dicir que a historia de Grecia e Roma son simultáneas ou sucesivas? Explica.

1. a. En que dúas grandes áreas culturais estaba dividida a Península Ibérica a mediados do I milenio a. C? Que territorios ocupaban cada un?

b. Cal deses dous pobos ...

- Vivían en poboados amurallados.
- Vivían en castros.
- Acuñaron moeda:
- Tiñan santuarios.
- Dividíase en tribos:
- As tribos divídense en clans:
- Incineran os defuntos.
- Estaban gobernados por reis
- Os sacerdotes chámanse druídas

c) Que é a cultura castrexa? Que eran os castros? Descríbeo brevemente e pon un par de exemplos.

2. a. Indica, ordenándoos de máis antigo a mais moderno, os catro pobos que colonizaron a península ibérica entre os séculos X e II a.C. Indica unha colonia da cada un deles na península.

b. Indica brevemente as características da civilización fenicia.

c. Indica brevemente as características da civilización cartaxinesa.

3. División provincial.


Indica cales son as cinco provincias da Hispania Romana.

E os tres conventos da provincia na que vivimos.

a) Quen fixo a última división provincial no século III d.C.?

b) En cantas provincias se dividía Hispania na época republicana?
Como se chamaban?

c) E en cantas se dividiu no século I d.C.?
Como se chamaban?



Que emperador levou a cabo a nova división

4. Roma vs. Cartago.

a. Como se chamaron as guerras que enfrontaron a Roma e Cartago?

Cantas houbo?

En que anos?

b. Cal foi a causa principal da guerra?

c. Quen foi o líder de cada un dos exércitos?

d. Que consecuencias tivo para a Península Ibérica?

5. Fases da conquista de Hispania.

a. Enumera as 3 fases da conquista (indica os nomes e os anos):

- Fase 1:

- Fase 2:

- Fase 3:

b. Cantos anos durou?

Por que crees que durou tanto?

c. En liñas xerais, cal foi a dirección que seguiu a conquista? (Puntos cardinais).

Por que sería así?

1. a. Que a cultura grega é antropocéntrica quere dicir...

- A parte dos mitos, os gregos usaron unha cualidade humana para explicar a realidade que os rodeaba. Que cualidade ?
- Que consecuencias trouxo a aplicación práctica desta calidade?
- Cales son os tres filósofos principais da Grecia clásica?

b. Que quere dicir que a relixión grega era politeísta e antropomorfa?

c. Que parella eran pais da maioría do resto de deuses?

- Quen son irmáns e deuses dos tres aspectos da realidade?
- Sinala o nome de algúns dos fillos de Zeus.

d. Cales eran os tres principais deuses e deusas para os romanos? Como se lles coñecía?

Que outros deuses adoraban a parte dos gregos/romanos?

Que tipos de cultos existían no Imperio? Enumerar.


2. Arquitectura grega.

a. Que buscaban os gregos cando producirán as súas obras de escultura e arquitectura?

Indica e explica polo menos tres das principais características da arquitectura grega.

Cales son os seus dous edificios máis representativos.

b. Que son as ordes arquitectónicas?



A que orde pertencen cada unha das columnas que tes a continuación

c.



Tipo de Edificio:

Función:

Tipo de Edificio:

Función:

3. Arquitectura romana.

a. Que buscaban os romanos cando producían as súas obras?

Dise que máis que artistas eran ...

Que dúas tradicións artísticas mesturou a arquitectura romana?



Tipo de Edificio:

Función:

Tipo de Edificio:

Función:



Tipo de Edificio:

Función:

Tipo de Edificio:

Función:



Tipo de Edificio:

Función:

Tipo de Edificio:

Función:

4. Comparación da arquitectura grega e romana.

a. Indica cal é grego e cal romano e completa o cadro.



Diferenzas	Semellanzas

b. Indica cal é grego e cal romano. Cales son as principais diferenzas? E as semellanzas?




Diferenzas	Semellanzas

5. Escultura grega.

a. Indica e explica as principais características da escultura grega.

b. Ordena cronoloxicamente as etapas e indica as características da cada unha.



Nome e orde da etapa:	Nome e orde da etapa:	Nome e orde da etapa:
Características da etapa:	Características da etapa:	Características da etapa:

6. Escultura romana.

a. Indica e explica as principais características da escultura romana.


Ordena cronoloxicamente as etapas e indica as características da cada unha.



Nome e orde da etapa:	Nome e orde da etapa:	Nome e orde da etapa:
Características da etapa:	Características da etapa:	Características da etapa:

7. Comparación entre a escultura grega e a romana.

Para Grecia a etapa que resume as claves da súa escultura é a clásica; e para Roma a república. Indica cal é a escultura grega e cal a romana. Cales son as principais diferenzas entre ambas?



Diferenzas	Semellanzas

Agora observamos unha escultura da etapa imperial. Indica os aspectos e características que mostren a influencia grega nesta etapa da arte romana.

